



Bases do proceso selectivo para a participación nas mobilidades ErasmusPRO para alumnado titulado do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia

Curso académico	2022-2023	Nivel Formativo	CICLO MEDIO ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+			
Órgano convocante	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel		
BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto <i>Atención ás Persoas en Situación de Dependencia en Europa. Traballando para a Inclusión Social e a Sostibilidade (ADEUIS)</i> do Programa Erasmus+ da Acción clave: <i>Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA1)</i>			
<p>Todo o antigo alumnado que rematara o ciclo no curso 2021-2022 e non teña accedido a estudos de grao superior, e que desexe participar no proxecto será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das candidatas.</p> <p>Para este proceso convócanse 3 mobilidades ErasmusPRO para a realización de prácticas laborais no estranxeiro por un período mínimo de 90 días.</p> <p>Deberán presentar a solicitude de participación no proceso así como o currículo Europass e unha carta de motivación na secretaría do centro antes das 14:00 do 30 de setembro de 2022.</p> <p>O proceso selectivo consistirá na valoración dos seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Expediente académico do ciclo (30%) 2. Coñecemento de idiomas (30%) 3. Méritos (10%) 4. Entrevista persoal (30%) 			
Expediente Académico (máximo 3 puntos)			
<p>Valorarase ata un máximo de 3 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do Ciclo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -De 5 a 5,99: 0 puntos. -De 6 a 6,99: 1 puntos. -De 7 a 8,99: 2 puntos. -De 9 a 10: 3 puntos. <p>Non se terán en conta as cualificacións convalidadas.</p>			
Coñecementos de idiomas (máximo 3 puntos)			
<p>a) Certificados de nivel do idioma do país de destino (ou inglés no seu defecto). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado (ata 3 puntos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -A2: 0,5 puntos -B1: 0,75 puntos -B2: 1 punto -C1: 1,5 puntos -C2: 2 puntos <p>Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.</p> <p>Sen certificado oficial realizarase unha proba de nivel (escrito+oral), e/ou se terá en conta a valoración do profesorado que imparte aulas de inglés ás alumnas.</p> <p>b) Valorarase o coñecementos doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para o apartado a) ata un máximo dun punto.</p>			
Méritos (máximo 1 punto)			
<p>Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grado medio diferente ao que lle da acceso á mobilidade ata un máximo de 1 punto, así como aos cursos realizados, asistencia a xornadas, etc.</p>			
Entrevista persoal (máximo 3 puntos)			
<p>Valoraranse as habilidades persoais e sociais, o interese, carta de motivación, a iniciativa, etc. das persoas candidatas. Valorarase tamén a acreditación da pertenza a ONG ou á participación en programas de voluntariado.</p>			
PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES			
Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández			
Data	En Rianxo a 19 de setembro de 2022		